

*A todas aquelas que teñen medo
e ás que non o teñen, tamén.*

Eu sempre estiven no seu pensamento. Alerta. Todos e cada un dos días en que saía á rúa, falaba con algún descoñecido ou, mesmo, neses instantes previos a aqueles temidos exames de matemáticas. Dende aquel gran día de ledicia en que a súa pequena cabeciña asomou ao noso mundo, tentei protexela e aconsellala, facela reflexionar. Un traballo como este nunca é sinxelo, menos aínda se a persoa á que tentas axudar amósase esquivo ante as túas advertencias. Menos aínda se te ignora. Se pensa que o que está a sentir é froito da excitación. Menos aínda se pensa que o mundo a espera cos brazos abertos.

Para ela aquela canción xa soara moitas veces, incontables. Era pegadiza, os cantantes tiñan boas voces. En definitiva, unha canción que te convidaba a bailar. Ademais, compartía nome con ela! Por momentos penso que a miña querida Carolina, aos seus 17 anos, nunca se parara a pensar que a música puidese ser avaliada máis aló do criterio de ser bailable ou non. Para paliar esta convicción, -e para que ela fose consciente da realidade- adoitaba materializarme ao seu carón cada vez que soaba aquela melodía. Pretendía infundirlle algunha sensación de perigo, ou propinarlle algún pequeno calafrío, o cal sempre remataba en van.

Ela non se deixaba influír por min. Tampouco respecto a aquel mozo, que tan pouco me gustaba. Que se presentaba cada tardiña na casa cun ramo de flores, cada unha por cada erro que admitira cometer o día anterior. Flores coas que facía crer a `Caro` que cambiara, que a quería, que non volvería pasar. Que as labazadas quedaran no pasado. E ela aceptábao. Moitos din que o amor cega. Eu penso que cega a necesidade de ser amado.

Onte tiveran unha discusión bastante forte provocada pola elección da súa vestimenta da cerimonia de graduación, que o mozo se negaba que fose aquel longo e escotado vestido branco que tanto lle gustaba a ela, polo que esa tarde era de esperar que el se presentase onda a rapaza para pedirlle desculpas e darlle unha nova escusa sobre por que se alporizara do xeito en que o fixo; razón pola que Caro quedou na casa esperándoo. Estaba tentando completar un bonito mosaico cando comezou a soar a melodía inicial daquela canción nos seus auriculares sen fíos:

*Carolina, trátame ben
non te rías de min,
non me arrinques a pel...*

Escoitouna mellor do que a escoitara. E eu, aproveitándome dos nervios (nome que ela lle adoitaba poñer a aquela sensación provocada por min) que sentía ao pensar na chegada do seu mozo, saín. Fíxenme notar. Fíxen que me notase. E pasou. Un dos meus calafríos

conseguiu atravesar a barreira da súa epiderme. O seu sistema nervioso recibiu o sinal. Conectou co cerebro. O seu subconsciente analizou a letra da canción. E...E chamaron ao timbre.

Maldixen a aquel rapaz máis do que nunca o cheguei a facer. Ao escoitar o agudo son fixen que os pelosde Carolina puxéranse de punta e desta vez ela deixouse levar pola miña sensación. Esperei que fose porque tiña a letra da canción moi recente. En efecto, así era. Baixou os chanzos da escaleira cautelosamente, coma se quixese alongar eses momentos a soas o máximo tempo posible, temendo que detrás desa chamada ao timbre houbera algún monstro que a puidese comer. En efecto, así era. Posicionouse diante da porta e soltou un último suspiro. Abriuna.

-Ola, Caro.- Aquele temido monstro deu uns pasos ata entrar dentro da casa. Marcando territorio.

Ela respondeu cun feble ola, e despois de que el tentase explicar que o seu comportamento viña provocado polo moito que a quería -puntualizando especialmente que só para el, e non para ningún outro que puidese verse atraído por aquel escotado vestido branco-, deulle as dúas rosas vermellas que traía para ela e convidouna a bailar.

-Pon algo de música, non me sexas sosa.

Caro obedeceu, colleu o móbil e puxo a mesma lista de música aleatoria coa que estaba a debuxar hai uns minutos. E a canción de antes seguiu polo seu curso natural. Ían bailar cunha canción que te convidaba a bailar. Sería perfecto se Caro seguise pensando que a música podía ser única e exclusivamente avaliada dependendo se fose bailable ou non.

*Carolina, pórtate ben,
non te rías de min,
non me arrinques a pel
Carolina, trátame ben...*

E estes versos soaron. Soaron moito. Moitísimo para Caro. E foi consciente de todo. Quero pensar que foi consciente de min, daquelas sensacións que a propósito lle infundía. De que non era excitación. O mozo agarrouna polo van cun brazo e levou o seu corpo ao compás da canción ao mesmo tempo que xestualizaba cada verso coa man que lle quedaba libre
...ou ao final tereite que comer.

Ao escoitar isto, el engurrou as mans cal lobo e botouse enriba da rapaza, describindo perfectamente o texto. E eu, que xa estaba alí, alertado, volvíñ saír, desta vez con máis

forza que nunca. E a miña reacción calou en Carolina de modo que esta empurrou ao mozo lonxe dela, colleu o móbil da mesa do salón e saíu correndo daquela casa na que el lle fixera tanto mal. Aínda que ela, antes, non o quixese ver. Despois de avanzar bastantes metros e deixar suficientemente atrás os berros del como para estar tranquila, sentou á sombra dunha árbore nunha zona de parque. Respirou lentamente varias veces, colleu o móbil e - despois de ver que tiña 9 chamadas perdidas daquel Mario que chegara novo ao insituto hai anos e que tanto lle gustara por entón- marcou tres números na pantalla. Antes de pulsar a icona de `chamar`, pensou que a Carolina daquela canción non se debería deixar calar polas ameazas daquel cantante, home ficticio ou quen queira que fose el. Esa Carolina debería portarse como lle petara e tratar a aquel mozo como lle parecera conveniente. Se quixese rir del, debería facelo. Se quixese alzar a voz contra el, debería facelo. Porque non o ía facer? Había acaso diferenzas entre ela e el? Quizais a Carolina da canción do 2001 non se atrevía, pero ela non era esa. Ela era a Carolina do 2023, e esta atrevíase ao que fose. Así que, sen pensalo dúas veces, deulle a chamar.

- Ola, chamou vostede ao número de atención contra a violencia de xénero. Que sucede?

Quizais para moitos Caro foi unha muller inxenua e descoidada. Pero non podes aprender sen cometer erros, e ela percibíraos a tempo. Ela caeu, si, mais ergueuse e púxolle voz a unha historia que moitas non se atreveron a contar. Para min, Caro foi unha muller de verdade. Unha muller loitadora. E tan pronto coma aquela reconfortante voz feminina chegou aos seus oídos, eu deixei de estar alerta. Saín totalmente dela, pois xa non debía estar aí. Ela xa non temía. Xa non me sentía. A min, ao medo. A un medo que está sempre alí, ao teu carón. Un medo que che infundirá calafríos cando vexa conveniente que abras os ollos ante algunha situación. Un medo que axudou a Caro e que axudará a moitas máis. Un medo bo. Un medo necesario. Ese son eu.

*Á todas aquelas que me sentiron,
e ás que non, tamén.*

Relato de Sabela Vázquez Castro
2º Premio do Certame "Cambiamos o conto" 2023